

A UNIDADE, A FORZA E O TRABALLO TERMINARÁN DANDO OS SEUS FROITOS.

A pesares da **falta de vontade da empresa** para entrar a negociar cuestións de extrema urxencia e necesidade para o persoal, séguese avanzando no sentido das propostas que lles temos marcado. Polo pronto móstranse dispostos a traballar nun pacto de niveis tal e como lle vimos pedindo e deixan sen efecto o cambio de horario de apertura ao público de 8.30 a 14.30h que realmente suporía un empeoramento da xornada, en especial no plano administrativo.

As medidas de presión por parte da RLT han de continuar e é por elo polo que precisamos do voso apoio. A partir de hoxe, e por prazo indefinido, cada luns seguiremos utilizando a consigna de **vestimenta negra**. Así continuaremos ata que se revirta a situación e deixemos de vivir **LUNS NEGROS**.

Dende a **Unidade de Acción Sindical** seguimos traballando dende o convencemento de que a empresa acabará tomando conciencia de que o plantexamento que 9 sindicatos unidos lle vimos presentando se axusta á realidade e precisa dunha negociación seria e urxente. Seguimos rexeitando de pleno as formas dunha empresa que pretende disfrazar de negociación o anuncio de contidos que dúas horas antes eran comunicados desde os Comités de dirección. **A isto non imos seguir xogando**. Por elo, advertimos, continuaremos pondo en marcha tódalas medidas de presión ao noso alcance.

Grazas por TODO o apoio demostrado. Xuntos seguiremos avanzando.

Un mes despois seguimos reivindicando as nosas propostas...

CLIMA LABORAL ... estas son as nosas propostas

A piques de iniciarse un proceso de negociación sobre a adopción de medidas especiais para mellorar o ambiente laboral en BS, os **nove** sindicatos que integran a **Unidade de Acción Sindical** colaboraron na elaboración dun catálogo de medidas que xa presentamos á empresa.

Coincidimos na urxencia de tratar este tema, que se agravou exponencialmente nos últimos meses e que require unha rápida acción correctora da empresa ante as nosas demandas, que foron analizadas a fondo e que consideramos merecidas e adecuadas aos distintos ámbitos laborais existentes no Banco.

Detectamos que os niveis de tensión no cadro de persoal se concentran fundamentalmente arredor dos seguintes capítulos, sobre os que presentamos máis de 100 medidas cuxo desenvolvemento terá lugar ao longo do proceso de negociación que se abre nas vindeiras semanas e sobre os que vos manteremos informados.

<p>REDUCCIÓN DA PRESIÓN COMERCIAL E DA CARGA DE TRABALLO Dotación de persoal administrativo cualificado en vacacións, redución da presión comercial, regulación dos equipos de substitución, apertura oficinas ás 08:30h, ...</p>	<p>PLAN DE ACTUACIÓN URXENTE "VIOLENCIA E ACOSO DA CLIENTELA" Cartas nas oficinas, campaña de sensibilización do persoal sobre os protocolos mellorados, maior apoio jurídico ás denuncias dos clientes por mor de nos exercer da actividade profesional, ...</p>
<p>REVISIÓN DOS ASPECTOS SALARIAIS Dixtas e billetes, xogos segundo a eficacia, eliminación de cláusulas de absorción e compensación, regulación transparente do binomio remuneración-responsabilidade, ...</p>	<p>CONTROL EFICAZ SOBRE A PROLONGACIÓN REAL DA XORNADA Estabelecer medidas automatizadas que regulen o acceso ao sistema á finalización da xornada, formación obrigatoria no horario laboral, formación complementaria remunerada e compensada, ...</p>
<p>CONCILIACIÓN E TELETRABALLO EN RED E CENTROS CORPORATIVOS Negociación coa RLT dun acordo de teletraballo con continuidade 100% voluntaria para equipos de ACO, Servicing e Back Office, flexibilizar formato de redución de xornada, ...</p>	<p>MODIFICAR O SISTEMA DE INCENTIVOS Non aos rankings, non á modificación de argumentos durante o período de auge, fixación obxectivos por equipos de traballo, axuste de obxectivos ás horas efectivas desenvolvemento a función, ...</p>
<p>MELLORA DO PLAN DE CARREIRA PROFESIONAL Actualizar acordo sobre niveis mínimos, transparencia na publicación de ofertas internas, eliminación de vetos e bloqueos nos procesos selectivos, ...</p>	<p>REEDUCACIÓN OU CAMBIO DE FUNCIÓN DIRECTIVOS "TÓNICOS" Reducir a retribución variable no clima laboral no ámbito de responsabilidade, implicación pública da alta dirección na política de RRHH, creación da figura "Defensor do Empregado", ...</p>
<p>RECOÑECIMENTO DO ESFORZO DO PERSOAL Abono dunha paga extraordinaria en compensación polo esforzo na pandemia, premio ao persoal laboral pola súa contribución aos boos resultados económicos presentes e futuros en BS, ...</p>	<p>E MOITAS MÁIS MEDIDAS... Como a revisión do Pacto de Condicións Sociais, a mellora dos sistemas informativos, facilitar as peticións de traballo, que seguimos defendendo e demandando durante as negociacións.</p>

* Sindicatos presentes no BS hoxe convocados para participar desta iniciativa de forma conxunta por correo electrónico o pasado día 13.05.2022 ás 14:50h, precisamente porque... **XUNTOS SOMOS MÁIS FORTES !!!**

Medidas máis urxentes plantexadas pola UNIDADE DE ACCIÓN SINDICAL:

- ★ Contratación de persoal formado co que cubrir os períodos vacacionais.
- ★ Redución da carga de traballo e da presión comercial, mediante:
 - a. Eliminación da cuantificación de informes.
 - b. As oficinas abren ás 8:30 h.
 - c. 50% de desconto nos obxectivos de Valora.
 - d. Rehabilitación de oficinas cun mínimo de 3 persoas.
- ★ Plan de actuación urxente para frear calquera situación de acoso e ameazas por parte dos clientes.
- ★ Ampliación do 50%-50% no teletraballo mentres se chegue a un acordo na materia.
- ★ Aprobación da paga extra simbólica como compensación dos esforzos na pandemia.
- ★ Activación e funcionamento efectivo das Ofertas Internas.

AS MOVILIZACIONS E AS MEDIDAS DE PRESIÓN NON SE FARÁN ESPERAR, CONTAMOS CO APOIO DOS EMPREGADOS.